

■ ■ ■ Un barco pirata fondea en Beluso

Alberto Fortes

10 DE ABRIL DE 1828: UN BARCO PIRATA FONDEA EN BELUSO

A meirande parte das noticias que temos dos feitos de Benito Soto, o famoso pirata da Moureira de Pontevedra, chégannos dun libro de Joaquín María Lazaga titulado *Los piratas del Defensor de Pedro* que contén o “extracto de las causas y proceso formados contra los piratas del bergantín brasileiro *Defensor de Pedro*, que fueron ahorcados en Cádiz en los días 11 y 12 de enero de 1830, seguido de un compendio de la causa y juicio sustanciados en Gibraltar contra el capitán de los piratas, Benito Soto, ejecutado en la horca de la misma plaza”.

Segundo o testemuño que os seus compañeiros dan en Cádiz, Benito Soto era alto, picado das vexigas, de barba mesta, co dedo maimiño da man dereita encollido e cunha cicatriz no xeonllo dereito.

En novembro de 1827 enrólase en Río de Xaneiro como segundo contramestre do bergantín *Defensor de Pedro*, de 224 toneladas, armado con sete canóns e corenta persoas de tripulación, coa facultade para andar a corso contra a República de Bos Aires e empregarse igualmente en mercancia onde lle conviñese e fose lícito; pero o seu verdadeiro destino era traer un cargamento de “ébano” dun porto inmediato ao cabo San Pablo, no golfo de Guinea, onde fondean o terceiro día do ano 1828. Aproveitando a estadía en terra do comandante e boa parte da tripulación, Soto amotínase seguido dunha ducia de fieis. Pensa primeiro en asaltar os buques negreiros para roubarlles o seu cargamento e ir vendelo á Habana, pero finalmente parece decidirse por facer unha expedición pirática e levar o seu froito a Pontevedra.

Os buques asaltados son a fragata *Morning Star* (inglés), o bricarca *Topaz* (norteamericano), o bergantín

Ceesnok (inglés), o bricarca *Sumburg* (inglés), o bergantín *New Prospect* (inglés) e a fragata *Hermelinda* (portuguesa).

O xoves 10 de abril de 1828 fondean os piratas na Pedra Branca de Beluso, co seu buque cargado dun sucucento botín obtido trala abordaxe e asalto dos mencionados buques. Traían a bordo dous ou tres arcóns con alfaias de prata e ouro, diñeiro en moedas de varios países, bolsiñas con pedras preciosas da India e nas adegas 28.000 panos de seda en 80 fardos e 42 sacas de café de 125 libras cada unha. Lévanse os arcóns a terra nun galeón sardiñeiro e acórdase aduanar o cargamento de sederías na Coruña, para onde saen na madrugada do sábado 19 de abril.

Despois de ter descargado na Coruña, saen apresuradamente ante o temor de infundar sospeitas. Pero un erro fainos embarrancar en Cádiz, onde tras uns días de esmorga son apresados, xulgados e aforcados, e as cabezas dos principais cravadas en escarpías á beira do mar para o público e xeral escarmento.

Soto logra escapar de Cádiz a Xibraltar, onde correrá a mesma sorte que os seus compañeiros das mans dun tribunal inglés o 25 de xaneiro de 1830. Testemuñas presenciais contan que no momento do aforcamento se produciu unha desagradable sorpresa, pois os pés chegaban a tocar no chan, polo que houbo que escavar debaixo deles para que morrese.


Benito Soto posúe todos os elementos dun pirata que se prece: unha serie de sanguentas fazañas ás súas costas, un tesouro

desembarcado e escondido en terra firme e o feito de morrer na forca.

Fondeou na Pedra Branca un xoves 10 de abril de 1828, e alí ficou ata o sábado 19 no que desembarcou o seu tesouro por medio dun galeón.

A lenda do seu tesouro aínda segue viva a día de hoxe.


O 10 de abril de 1828
fondean os piratas na Pedra
Branca de Beluso





Alberto Fortes (Pontevedra, 1964)

Estivo enrolado en barcos pesqueiros nos mares de Sudáfrica, Gran Sol, Azores e a costa portuguesa. Actualmente continúa traballando no mar a bordo das embarcacións de Aduanas. É autor das novelas *Amargas han sido las horas* (Península, 1998), *O violín de Sarasate* (Cumio, 2002) e *Tristemil* (Sotelo Blanco, 2004). Tamén publicou o estudo histórico *Navegantes corsarios e piratas: Rías Baixas 1780-1850* (Portos de Galicia, 2001) e *Memorial de a bordo* (El Cobre, 2004), unha viaxe nos barcos máis famosos da literatura universal, onde mestura a ficción e o ensaio. O seu último libro titúlase *O corsario. Vida e tempos de Juan Gago de Mendoza* (Xerais, 2005) e vén sendo un relato histórico sobre a vida do corsario galego do Morrazo.



Pedra do Cabalo. Beluso

